

O Desencravo

Eneas De Ignacio subiu a pé a rúa, tivo que aparcar lonxe da igrexa de Santa María do Azougue porque toda aquela zona do casco vello de Betanzos estaba reservada para residentes. O reloxo marcou as nove cando cruzou o adro, aínda faltaban dúas horas para que comezase a primeira misa, polo que o máis seguro era que a igrexa estivese baleira.

Unha vez dentro dirixiuse cara o baptisterio, situado na ábsida esquerda, e alí, baixo a luz tenue da mañá viu o cristo, o santísimo cristo medieval sobre o que anos atrás decidiu facer a súa tese de doutoramento. Foron moitos os libros de arte que Eneas leu acerca daquela imaxe, moitas as fotografías que viu, mais naquel intre non puido evitar que a presenza real de *Xesucristo, O Antigo*, lle producise un fondo arrepío por todo o seu corpo.

Mentres a súa mirada percorreu de arriba a abaixo o santo, a súa mente repasou todos os coñecementos adquiridos ó longo dos seus anos de estudo. Así foi quen de examinar a expresión de sufrimento no rostro propia da imaxinería relixiosa medieval, o finísimo trazado das veas e músculos nas extremidades superiores, o realismo da ferida do costado dereito que talmente semellaba estar sangrando, a técnica empregada no pano de pureza, a lixeira desproporción do pé esquerdo en relación co dereito...detalles que fixeron que un grande número de expertos en Historia da Arte considerasen aquela imaxe como unha das obras mestras da iconografía relixiosa do medievo galaico, detalles que fixeron que Eneas De Ignacio escollese aquela talla e non outra como motivo central da súa tese "*Realismo, medo e paixón na Imaxinería Medieval. Estudo de Xesucristo, O Antigo, de Betanzos*".

Mirou en derredor comprobando que estaba el so na igrexa. A soidade proporcionoulle a coraxe suficiente para achegarse á parede onde estaba pendurado o

cristo. Estendeu a súa man timidamente. Tocou primeiro o pé da cruz. A madeira deixoulle un tacto frío cunha lixeirísima capa de po. Novamente asegurouse de que non había ninguén máis. Ó mesmo tempo as súas mans foron ascendendo polo crucifixo, tocando xa as dedas dos pés do santo, as pernas, as feridas dos xeonllos, percorrendo cada unha das pregaduras do pano de pureza, abrazando o seu torso, esculcando na ferida do costado e chegando ás axilas...Alí cada unha das mans de Eneas seguiu un camiño distinto, paralelo ós brazos do cristo e que remataba nas mans deste. Eneas teimou en percorrer este camiño enteiro, erguéndose nas puntas dos pés para que as súas mans chegasen a agarrar por completo as mans do santo, quedando os dous corpo a corpo.

Así se atopaba cando unha das mans do santo rompeu caendo cun ruído xordo e molesto. Co susto, Eneas perdeu o equilibrio e tamén caeu no frío chan do templo, xusto a carón da man. Pero...como puido facer aquilo? Acababa de estragar o santo. Un dos cristos medievais máis valiosos de Galicia acababa de quedar manco...e tivo que ser el, un licenciado en Historia da Arte o encargado de tan ignominiosa mutilación.

Unha vez repostado do susto inicial botou unha ollada para comprobar que a igrexa seguía estando baleira. Colleu a man e achegouse ó cristo tentando colocala no seu sitio encaixándoa para que se aguantase sen caer, pero non había maneira, a man romperá e resultaba inútil calquera intento por amañala. Pensou en deixala no chan de xeito que semellase que romperá soa, pero ben se vía que a rotura fora provocada xa que a madeira estaba completamente limpa da couza, polo que resultaba imposible que rompese de xeito espontáneo. A seguinte idea que lle veu á cabeza foi a de agardar a que chegase o sacerdote para contarlle o seu desafortunado incidente, pero segundo o pensou xa se deu conta de que aquela non era unha boa idea, pois aínda no caso de que o sacerdote fose comprensivo con el, veríase na obriga de poñer unha denuncia por

danos a un ben patrimonial, e aquilo non so se traduciría nunha multa que non podería pagar, senón que tamén sería unha gran mancha na súa traxectoria futura como Historiador da Arte...non, aquela non era a solución, pero entón...cal era?

Sen saber moi ben o que facía, Eneas colleu a man do cristo e gardouna no peto do abrigo. Saíu con paso finxidamente tranquilo e cando chegou ó final da rúa comezou a correr camiño do coche.

Unha vez dentro botouse a chorar de xeito desconsolado...que fixera? Primeiro rompeu un obxecto de grande valor artístico e despois roubou parte del, que sería o seguinte...atropelar a alguén e darse á fuga? Aquel cristo era unha peza única en Galicia, e el romperao. Aquel cristo tiña un valor extraordinario a nivel artístico, e el estragarao. Aquel cristo tiña en si un mérito propio e el...un momentíño...a man rota en relación ó conxunto da imaxe era unha parte moi pequena, de xeito que o cristo seguía a ser unha peza única e de incalculable valor artístico...e polo que se refería á súa singularidade...esta era aínda moito maior, xa que o feito de que ó santo lle faltase unha man engadíalle máis atractivo e misterio ó conxunto da imaxe.

Sorprendentemente, Eneas comezouse a sentir conforme co que fixera. É máis, poderíase dicir que mesmo se sentía orgulloso da súa proeza, até o punto de que se imaxinaba a el mesmo dentro duns cantos anos como profesor de Historia da Arte explicándolles ós seus alumnos a singular beleza e valor de *Xesucristo, O Manco, de Betanzos*.

Iso si, polo de agora o mellor era arredarse do cristo durante unha tempada longa, non fora a ser que alguén o puidese relacionar co suceso. Por iso mesmo decidiu cambiar o tema da súa tese, centrándoa noutra imaxe de menor relevancia. Naquel intre ocorréuselle facela sobre o *San Marcos de Bidueiro de Castro*.